

CONCRECIÓNS CURRICULARES DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DO C.P.I. O CRUCE (CERCEDA)

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 (publicada no DOG en data 11/2/2022), pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, supón cambios normativos na avaliación, na promoción e na titulación en Educación Secundaria Obrigatoria, polo que este Departamento debe modificar algúns aspectos da súa Programación Didáctica Anual.

No período comprendido entre o 6 de xuño (fin da 3ª avaliación) e o 23 de xuño (avaliación final):

- O alumnado que ten aprobadas as tres avaliacións realizará actividades de reforzo e ampliación con proxectos, exposicións, debates... A avaliación destas actividades pode modificar a nota final da materia.
- O alumnado que non ten superada toda a materia realizará actividades de recuperación adaptadas a cada un. Os instrumentos de avaliación que permitirán avaliar o desempeño do alumnado serán traballos de investigación, probas escritas e análise do caderno de clase.

En canto ao alumnado que ten algunha materia pendente do Departamento de Xeografía e Historia, non hai cambios no plan personalizado de cada un deles.